O Alcalde do Concello de Guntín presentou escrito, o 16 de agosto de 2016, no que se solicita á Deputación Provincial literalmente canto segue:

“Visto que as obras se licitaron utilizando o procedemento aberto e criterios de adxudicación o prezo e o aumento do prazo de garantía, e dado que a empresa que presentou a oferta económica máis vantaxosa (Construcións BOALVA, S.L. se comprometeu a realizar as obras por o prezo total de 2016.209,95€, o que supón unha baixa sobre o prezo de licitación do 27,88% que ascende á cantidade de 83.582,00€, (aportación da Excma. Deputación provincial: 79.402,90€) é polo que solicitamos que por parte desa Excma. Deputación Provincial se autorice a este Concello de Guntín a dispoñer do importe da baixa anteriormente mencionada (79.402,90€) a fin de destinala na súa integridade ao mesmo fin obxecto do convenio, o arranxo de pistas de titularidade municipal, revertindo dun xeito moi positivo nos veciños/as deste Concello.”

A Xunta de Goberno, en sesión ordinaria celebrada o 7 de outubro de 2016 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

“Autorizar o emprego do remanente acadado na licitación das obras conveniadas para a execución do investimento denominado “Accesos a núcleos do concello de Guntín”, por importe de 79.402,90€. O investimento consiste no arranxo de diversos accesos a núcleos do concello de Guntín: N540 a Trastulfe, Sear a Vilarcabreiro, Zolle a Fontao, Cadairo a Vigo de Zolle, Pradedá a Quintá, Gomelle a Lamela, O Picato a Bustelo e Mosteiro a Outeiro.

Que as obras e actuacións acometidas co remanente das baixas de licitación, cuxo uso se autoriza por esta Deputación Provincial, se apliquen as determinacións establecidas no Convenio de colaboración aprobado pola Xunta de Goberno provincial, en sesión celebrada con data 6 de outubro de 2015 e posteriormente modificado por acordo da Xunta de Goberno de 27 de maio de 2016, particularmente no que atinxe a obrigas e compromisos asumidos polo concello de Guntín de Pallares e ao modo de xustificación das actuacións e investimentos.”

A amentado acordo establece tamén que, o emprego de remanente acadado na licitación das obras conveniadas para a execución do investimento denominado “Accesos a núcleos do concello de Guntín”, “non implica unha modificación do obxecto do convenio e, polo tanto, non require a súa modificación, xa que logo destinarase na súa integridade ao mesmo fin obxecto do convenio.”

A alcaldía do Concello de Guntín remitiu, o 9 de xuño do ano 2017 ao Servizo de Contratación e Fomento a conta xustificativa do convenio de colaboración entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guntín para realizar o investimento “Accesos a núcleos do Concello de Guntín, correspondente á anualidade 2017. Onde se xustifica a realización das seguintes obras:

N540 a Trastulfe, Sear a Vilarcabreiro, Zolle a Fontao, Cadairo a Vigo de Zolle, Pradedá a Quintá, Gomelle a Lamela, O Picato a Bustelo e Mosteiro a Outeiro, obras incluídas no obxecto do convenio inicial de data 6 de outubro de 2015.



Seixalbos, Montecelo-Vilarcabreiro, Vigo de Zolle, O Outeiro e Vilariño (Santa Euxea), Vilarmao, Xubino e Vilasuso, obras executadas cos remanentes acadados na licitación das obras correspondentes ao convenio inicial de data 6 de outubro de 2015.

Polo que constátese que as pistas de titularidade municipal arranxadas ao abeiro da autorización de uso de remanente (e que contan na documentación xustificativa) non veñen recollidas na devandita autorización e non se corresponden coas que figuran no obxecto do convenio. O que se pon en coñecemento da alcaldesa do Concello de Guntín.

O 27 de agosto de 2019 a alcaldesa do Concello de Guntín, presentou a través do Rexistro telemático desta Deputación Provincial, un escrito no que consta, entre outros:

“(…)

Considerando polo tanto que houbo un erro na interpretación do antedito convenio de data 07 de outubro, considerando esa Excma. Deputación Provincial de Lugo que a baixa se tiña que reinvertir nos mesmos viais obxecto do convenio de data 06 de outubro de 2015 e este Concello de Guntín que a baixa se tiña que empregar para o arranxo de novos viais posto que os do anterior convenio xa estaban executados, é polo que:

Solicitamos:

Se teñan en conta as aclaracións presentadas e se proceda a regularizar a situación de tal maneira que se teña por ben xustificado o remanente autorizado pola Deputación en data 07 de outubro de 2016, dado que se produciu un erro de interpretación na solicitude presentada con data 16 de agosto de 2016.”

Consideracións:

O concello de Guntín é unha entidade local básica, con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as

necesidades e aspiracións da comunidade veciñal, exercendo as competencias que lle atribúe como propias o artigo 25 da Lei de Bases de Réxime Local.

De acordo co establecido no artigo 36 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local unha competencia propia de Deputación é a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia, ao sinalar que é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Este é o caso da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, establece no seu artigo 118 que compete ás Deputacións Provinciais rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos cuxo obxecto sexa o fomento do mesmo.

A este respecto debe terse en conta ademais o artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, cando establece que a cooperación técnica, económica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das CCAA, tanto en servizos locais como en outros asuntos de común interese, poderá ter lugar en todo caso mediante os consorcios e convenios administrativos que se subscriban, buscando a mellora na eficiencia da xestión pública, a eliminación das duplicidades administrativas e o cumprimento da lexislación de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira.

No seu punto terceiro, este artigo 57 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora de Bases de Réxime Local, ven a establecer certa preferencia pola cooperación por vía de convenio de colaboración antes que a constitución dun consorcio.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:



“A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

(...)

As formas de cooperación serán: (...)

Subscrición de convenios administrativos (...).

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas entidades.

Establece o artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local que, en particular, “non se entenderá como o exercicio de novas competencias “a colaboración entre administracións, entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse mais aló do concreto reparto de competencias nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 de la Lei 5/1997”, da administración local de Galicia, que precisamente reflicte este e concepto.

Doutra banda, a STC 41/2016, de 3 de marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Sinalar que o convenio de colaboración se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia, que se reforza no artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, en canto regula a potestade de autoorganización e os sistemas de cooperación pública vertical e horizontal.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Na Comunidade Autónoma galega (aínda que non aplicable, en principio, ás entidades locais, artigo 1.3), o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, establece unha regulación semellante ó RXLS estatal.

Establece a Disposición Adicional Oitava da Lei 40/2015, do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público, en relación coa adaptación dos convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública, que:

“Todos os convenios vixentes subscritos por calquera Administración Pública ou calquera dos seus organismos ou entidades vinculadas ou dependentes deberán adaptarse ao aquí previsto no prazo de tres anos a contar dende a entrada en vigor desta Lei”. Non obstante, este prazo non está vencido (02/10/2019).

Na actualidade o marco xurídico dos convenios establécese nos artigos 47 e seguintes da Lei 40/2015 do 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público. En particular, no artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, establécese a definición do que debe entenderse por convenio. Así:



“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

(...)”.

O mentado artigo fai referencia, no seu punto segundo, á tipoloxía de convenios establecendo que:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculados ou dependentes de distintas administracións públicas, e que poderán incluír a utilización de medios, servizos e recursos de outra Administración Pública, organismo público ou entidade de dereito público vinculado ou dependente, para o exercicio de competencias propias ou delegadas.

(...)

En canto ao contido do convenio, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

(...)

g) Réxime de modificación do convenio. A falta de regulación expresa a modificación do contido do convenio requirirá o acordo unánime dos asinantes.

(...)

Precepto semellante a este, non se contemplaba na anterior lexislación; máis de concorrer vontade das partes asinantes deste Convenio para procurar a súa modificación, non debe existir impedimento, máxime se destacamos que, a modificación pretendida non altera os fundamentos técnicos e xurídico- administrativos do convenio preexistente e dos acordos que o sustentan; antes

ben amosa que contribúe a corrixir a disfunción que se produce con ocasión do uso dos remanentes acadados da baixa sobre o prezo de licitación por importe de 83.582,00€.

O presente convenio ten natureza administrativa e queda excluído da lexislación de contratos en virtude do disposto no artigo 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que quedan excluídos do eido da citada lei: “os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas Entidades Xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre sí, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta lei”.

Esta era a norma aplicable no momento da tramitación e aprobación daquel convenio. Na actualidade non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervincentes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guíe unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:



“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre sí dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relación interadministrativa de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “conveniendi causa”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

A cláusula quinta do convenio de colaboración establece a súa vixencia, indicando que: “A vixencia do presente convenio comezará no momento da súa sinatura, con efectos económicos desde o 01 de xaneiro de 2015 e se manterá ata o día no que finalice o conxunto da actuación que é obxecto deste convenio de colaboración.”

Tendo en conta que o conxunto da actuación aínda non finalizou, e que aínda non se aprobou a conta xustificativa correspondente a última anualidade (2017), o convenio está vixente e non supera, xunto coas prórrogas o límite máximo dos catro anos de duración que establece o artigo 49 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, computado dende a data da súa sinatura (06 de outubro de 2015). Vixente o convenio, non existen inconvenientes para modificar algunhas das súas determinacións mediante a vontade común das partes e sendo acorde a satisfacción do interese público, comportado para ambas entidades locais. Non pode superarse a duración de catro anos.

Tendo en conta a solicitude efectuada pola alcaldesa do Concello de Guntín na data do 27 de agosto de 2019 e analizada a documentación que obra no expediente administrativo conséntase a existencia dunha interpretación errónea da solicitude de emprego de remanentes (realizado pola alcaldía do Concello de Guntín o 16 de agosto de 2016) xa que no devandito escrito establece literalmente que “se lle autorizase a dispoñer do importe da baixa acadada sobre o prezo de licitación, a fin de destinala na súa integridade ao mesmo fin obxecto do convenio, o arranxo de pistas de titularidade municipal”, onde non se especifica as pistas de titularidade municipal que se pretenden arranxar.

Dende esta Deputación Provincial interpretoouse que, as pistas de titularidade municipal nas que se ían executar as obras eran as mesmas que as establecidas no convenio inicial de data 6 de outubro de 2015, e dicir, N540 a Trastulfe, Sear a Vilarcabreiro, Zolle a Fontao, Cadaíro a Vigo de Zolle, Pradedá a Quintá, Gomelle a Lamela, O Picato a Bustelo e Mosteiro a Outeiro.

Neste sentido, a Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na sesión ordinaria celebrada o 7 de outubro de 2016 aprobou o uso dos remanentes para as amentadas obras, entendendo que non implicaba unha modificación do convenio e, polo tanto, non requirindo a súa modificación, xa que logo ían ser destinados na súa integridade ao mesmo fin obxecto do convenio.

Por todo o pretendese modificar:

A autorización da Xunta de Goberno de data 7 de outubro de 2016 sobre o uso dos remanentes acadados coa baixa sobre o prezo de licitación das obras contempladas no Convenio de Colaboración entre a Excmá. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guntín de data 6 de outubro de 2015, modificado o 8 de xuño de 2016.

A cláusula primeira do devandito convenio de colaboración, obxecto modificación, quedaría redactada da seguinte forma:

“ Obxecto



Este convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre o concello de Guntín e a Excm. Deputación Provincial de Lugo coa finalidade común de realizar os seguintes investimentos:

INVESTIMENTO: Accesos a núcleos do concello de Guntín	ORZAMENTO
Fondos achegados pola Deputación	284.802,35 €
Fondos propios do concello	14.989,60 €
TOTAL	299.791,95 €

O investimento consiste no arranxo de diversos accesos a núcleos do concello de Guntín: N540 a Trastulfe, Sear a Vilarcabreiro, Zolle a Fontao, Cadairo a Vigo de Zolle, Pradedá a Quintá, Gomelle a Lamela, O Picato a Bustelo e Mosteiro a Outeiro.

O concello de Guntín obtivo unha baixa sobre o prezo de licitación das amentadas obras das seguintes cantidades:

CONVENIO		BAIXA SOBRE O PREZO DE LICITACIÓN	
Custo Total	299.791,95€	Custo Total	299.791,95€
F.P. (5%)	14.989,60€	Custo Total Licitación	216.209,95€
Deputación	284.802,35€	BAIXA	83.582,00€
		F.P. (5%)	4.179,10€
		Deputación	79.402,90€

Autorizar o uso dos remanentes acadados na licitación das obras indicadas anteriormente, polo importe de 79.402,90 €, para o arranxo do acceso aos núcleos de Seixalbos, Montecelo-Vilarcabreiro, Vigo de Zolle, O Outeiro e Vilariño (Santa Euxea), Vilarmao, Xubino e Vilasuso”.

As cláusulas restantes do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta segunda modificación, permanecerán invariables, acordando ambas partes, incorporar ao Convenio de Colaboración subscrito con data 6 de outubro de 2015, esta segunda modificación, a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

O órgano competente do ente provincial para a aprobación desta segunda modificación do convenio de colaboración é á Xunta de Goberno, en base ao establecido no artigo 59.b)18. do regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 056 de data 10 de marzo de 2011), así como o establecido –por analoxía- na base 24.4º das Bases de Execución do Orzamento provincial para o ano 2019, que recolle que o órgano competente é a Xunta de Goberno para importes individuais iguais ou superiores a 15.000,00 €;

Por todo o exposto, infórmase favorablemente: modificar a autorización da Xunta de Goberno de data 7 de outubro de 2016 sobre o uso dos remanentes acadados coa baixa sobre o prezo de licitación das obras contempladas no Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guntín de data 6 de outubro de 2015, (modificado o 8 de xuño de 2016), e consecuentemente modificar a cláusula primeira –obxecto- do devandito convenio de colaboración no senso de autorizar ao Concello de Guntín o uso dos remanentes acadados coa baixa sobre o prezo de licitación das obras contempladas no citado Convenio para arranxar outros accesos a núcleos do concello de Guntín (distintos aos contemplados no convenio de referencia) nos termos da segunda modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do Convenio de Colaboración de referencia.

Por canto vai dito e, en base ao Informe do Servizo de Contratación e Fomento, elévase á Xunta de Goberno a proposta para a adopción dos seguintes acordos:

Modificar a autorización da Xunta de Goberno de data 7 de outubro de 2016 sobre o uso dos remanentes acadados coa baixa sobre o prezo de licitación das obras contempladas no Convenio de Colaboración entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Guntín de data 6 de outubro de 2015 (modificado o 8 de xuño de 2016) no senso de autorizar ao Concello de Guntín o uso dos remanentes acadados coa baixa sobre o prezo de licitación das obras contempladas no citado Convenio para arranxar outros accesos a núcleos do concello de Guntín (distintos aos contemplados no convenio de trae causa) e consecuentemente modificar a cláusula primeira –obxecto- do devandito convenio de colaboración, nos termos da segunda modificación do convenio incorporada ao expediente, e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do Convenio de Colaboración de referencia”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5. - PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBAGR-2018/013 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018, “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN E TERRAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno a proposta da Comisión de Valoración, acordou estimar a solicitude tramitada có número de expediente SUBAGR-2018/013, correspondente á sociedade civil Caxigueiro, S.C. (Sarria), destinada á “Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros”, concedéndolle unha subvención por importe de 1.915,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Don Borja Álvarez Román (Sarria), en representación da sociedade civil Caxigueiro, S.C., presenta escrito con data de rexistro de entrada 6 de setembro de 2019, solicitando a renuncia á subvención SUBAGR-2018/013.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Acceder a petición formulada por don Borja Álvarez Román (Sarria), en representación da sociedade civil Caxigueiro, S.C., e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 21 de decembro de 2018, para a recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros, por importe de 1.915,00 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

6. - PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBAGR-2018/145 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018, “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN E TERRAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno a proposta da Comisión de Valoración, acordou estimar a solicitude tramitada có número de expediente SUBAGR-2018/145, correspondente a don Celestino Carlos Barral Arenas (Guitiriz), destinada á “Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros”, concedéndolle unha subvención por importe de 870,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Don Celestino Carlos Barral Arenas (Guitiriz), presenta escrito con data de rexistro de entrada 6 de setembro de 2019, solicitando a renuncia á subvención SUBAGR-2018/145.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Acceder a petición formulada por don Celestino Carlos Barral Arenas (Guitiriz), e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 21 de decembro de 2018, para a recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros, por importe de 870,00 €”.



A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN, SE PROCEDE, DE RENUNCIAS DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Deportes do seguinte teor:

“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 09 de novembro de 2018, onde se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 095, do xoves 26 de abril de 2018, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva.

Propoño que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a súa renuncia do citado concurso:

NOME ENTIDADE	NOME ACTIVIDADE	SUBVENCIÓN
SOCIEDAD DEPORTIVA GUITIRIZ	TORNEO DE FÚTBOL BASE	1139

Por todo o exposto procede aceptar de plano a mencionada renuncia polo importe citado”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8. - COMPARECENCIA NO PROCEDIMENTO 348/2019.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Social nº 1 de Lugo, relativo ao Procedemento: Sancións 348/2019, seguido a instancia de D. Manuel Veiga Román, fronte a esta Deputación Provincial; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no Procedemento referenciado.

2º.- A remisión, no seu caso, do expediente administrativo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.

9. - COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO 428/2019.

Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Social nº 1 de Lugo, relativo ao Procedemento: Despido/Ceses en Xeral nº 428/2019 seguido a instancia de D. Felipe Nieto Pérez, fronte á Sociedade Urbanística Provincial de Lugo e a esta Deputación Provincial; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade, acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no procedemento referenciado.

2º.- A remisión, no seu caso, do expediente administrativo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento.

10.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta do Decreto nº 128/2019 de 21 de xuño ditado polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, no Procedemento Abreviado nº 176/2019, seguido a instancia de Dona Digna Portela Ónega fronte a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial formulada polos danos sufridos no vehículo cando circulaba pola estrada LU-P-4401, P.K. 4,55, debido á existencia de varias fochancas na calzada, no que se acorda ter por desistida á parte recorrente e declara a terminación do procedemento. A Xunta de Goberno queda enterada.



11.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e trinta e cinco minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.